



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### BETANZOS

*Aprobación do prezo público pola participación nas seguintes actividades da programación deportiva anual do Concello: "Andainas interpretativas guiadas" e "Camiños de Santiago"*

##### EDICTO

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria de 17 de outubro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Establecer o prezo público pola participación nas seguintes actividades da programación deportiva anual do Concello: "Andainas Interpretativas Guiadas" e "Camiños de Santiago", e determinar a súa contía:

- prezo/persoa = 15,00 €

**SEGUNDO.-**Establecer o seguinte réxime de xestión:

- O ingreso levarase a cabo mediante autoliquidación polos obrigados ao pago, e ingreso na conta bancaria.
- O ingreso levarase a cabo a través dun pago único anticipado no momento de apuntarse á actividade.
- O desistemento ou falta de asistencia do usuario á actividade non suporá redución nin exención da obriga de pagamento mentres non se formalice a baixa correspondente, non procedendo a devolución do ingresado con anterioridade á data de comunicación da baixa.
- No suposto de que por causas non imputables ao interesado deixara de realizarse a actividade solicitada procederase á devolución do ingresado na parte proporcional ás prestacións efectivamente efectuadas

**TERCEIRO.-** Publicar o anuncio de establecemento do prezo público no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos do Concello.

Betanzos, 17 de outubro de 2024

A Alcaldesa

María Barral Varela

2024/7357